

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 25 DE MARZO DO 2019

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e cinco de marzo de dous mil dezanove, reúnen os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e cinco minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna.Gloria M^a Prada Rodriguez, D.Iban Torres Rodríguez, D^a Pilar Espinosa Novelle, D.José Luis Losada Fernández, Dna.Marina M^a Douton Rajo.

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: D.Emilio José Sánchez Iglesias.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. M^a Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M^a Purificacion Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

Grupo municipal de Esperta Monforte: Dna. M^a Isabel García Díaz.

Non adscritas/o: Dna. M^a Pilar López Martínez, Dna. M^a Alicia I. Cadarso Palau, Dna. M^a José Vega Buján, D.Víctor López Mateo.

Non asiste a concelleira do grupo municipal dos non adscritos/as D^a Alicia Cadarso Palau.

Interventora acctal.: Dna.María I. Buján Arias.

Secretario: D.José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.

O Sr.Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

ORDE DO DÍA:

1. ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 11 DE MARZO DE 2019.

Toma a palabra D^a Isabel García Díaz manifestando que é a primeira vez que fai o uso da palabra no tema da acta. Di que atopa moitas cousas. Na páxina 7, no primeiro parágrafo D. Emilio Rodríguez dixo que iso eran cousas maiores en relación a falta da feira medieval o embardeiro de Doade pero en todo caso hai cousas menores referíndose ao tema do galego.

Nesta mesma páxina no cuarto parágrafo, no segundo turno e despois de haber manifestado o alcalde, “Di que neste punto cando intervén é cando lle contesta ao Sr. Ibán torres porque fai referencia a unha guía de Deputación de servizos e que só hai unha guía, corresponde no momento en que presenta a guía e le páxina por páxina, Presenta unha guía de Monforte que pasa da primeira páxina da primeira a última .

Na páxina 8 primeiro parágrafo segunda liña existe un uso do galego” tergiversa”. Fala doutras anotacións de pequenos erros que o máis significativo se corrixa o sentido da miña segunda intervención. .

Di que quere que figure na acta a súa intervención que lee unha guía de Monforte – Lugo ano 1992 pasando páxina por páxina e non hai nin unha soa palabra que non corresponda íntegramente ao Concello de Monforte. .

Toma a palabra o Sr. Secretario manifestando que no punto 11 da orde do día onde dí (Neste intre auséntanse da sala de sesións os concelleiros do Grupo Popular, as concelleiras/os non adscritas e a concelleira de Esperta Monforte) manifestando que o Sr. Víctor López Mateo dos concelleiros non adscritos, non se ausentou.

Sometido a votación coas correccións antes formuladas pola concelleira do grupo municipal Esperta Monforte e polo Secretario Xeral, o Pleno por unanimidade acorda aprobar a acta da sesión ordinaria da Corporación municipal do 11 de marzo do 2019.

2. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se dá conta: 22.02.2019 a 20.03.2019.

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 22 de febreiro do 2019 e o 20 de marzo do 2019.

PARTE RESOLUTIVA

3. APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 22/2019: SUPLEMENTOS DE CRÉDITO PARA O FINANCIAMENTO DE OBRADOIRO “ A PINGUELA” FINANCIADO CON BAIXAS POR ANULACION DOUTRAS PARTIDAS

O ditame é favorable á proposta , por cinco votos favor (Grupo Socialista) e cinco abstencións (Grupo Municipal PP e concelleiras non adscritas) e que se someta a decisión plenaria.

“VISTO que se está a desenvolver os traballos previstos para o OBRADOIRO DE EMPREGO “ACONDICIONAMENTO DAS INSTALACIÓNS DA ESCOLA OBRADOIRO DE A PINGUELA” financiados con subvención para a contratación de persoal (profesorado, dirección e alumnos) para e para gastos do módulo B (material formativo) e tendo o Concello que financiar os gastos do investimento que se está a executar.

CONSIDERANDO que se trata dun gasto específico e determinado cuxa efectividade non é posible demorar ata o próximo exercicio, carecendo no actual orzamento de crédito suficiente.

Vista a evolución da execución do proxecto e tendo en conta os prazos que restan para a súa finalización, e segundo informe do seu director, os gastos ós que o Concello ten que facer fronte ascenden a 133.428,29 €. O Concello xa financia mediante transferencia doutras partidas o importe de 25.000,00 €

Visto que existen partidas no orzamento prorrogado das que é posible anular créditos xa eu non se produciría menoscabo nos servizos e prestacións do Concello, concretamente na aplicación 011.913.00 AMORTIZACION PRESTAMOS MEDIO/LONGO PRAZO cunha dotación de 272.184,88 €, da que as previsións de gasto para o exercicio ascenden a 21.100,00 €.

Visto o anterior é polo que se propón:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 22/2019 por importe de **108.428,29 €** na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo á baixa por anulación de crédito doutras partidas, de acordo co seguinte:

	APLICACIÓN	IMPORTE
SUPLEMENTO DE CRÉDITO	920.632.01	108.428,29
BAIXA POR ANULACIÓN	011.913.00	- 108.428,29

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”

Non hai intervencións.

O Pleno da Corporación, por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 22/2019 por importe de **108.428,29 €** na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo á baixa por anulación de crédito doutras partidas, de acordo co seguinte:

	APLICACIÓN	IMPORTE
SUPLEMENTO DE CRÉDITO	920.632.01	108.428,29
BAIXA POR ANULACIÓN	011.913.00	- 108.428,29

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

4. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (de 04.03.2019, de 06.03.2019 (2) e de 18.03.2019) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

5. DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO CONCELLO E DO INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS EXERCICIO 2018

De acordo co previsto no art.193.4 da Lei Reguladora das Facendas Locais, dáse conta ao Pleno da Liquidación do Orzamento Xeral municipal correspondente ao exercicio de 2018, que ten as seguintes magnitudes principais:

ENTIDADE LOCAL.-

Resultado Orzamentario axustado: 2.656.119,20 €

Remanente de Tesourería para gastos xerais: 7.325.081,41 €

INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS.-

Resultado Orzamentario axustado: 413,48 €

Remanente de Tesourería para gastos xerais: 30.187,13 €

Dar conta da presente resolución ó Pleno, para o seu coñecemento e efectos, así como do informe de estabilidade, de cumprimento da regra de gasto e do límite de débeda. A liquidación consolidada do exercicio 2018 cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, entendida como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiación

6. .ROGOS E PREGUNTAS.

A)ROGO DAS CONCELLEIRAS/OS NON ADSCRITOS PARA DIRIXIRSE Á EMPRESA CONCESIONARIA DO ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGA, AQUALIA, PARA REQUIRIRLLE A RENOVACIÓN DAS CONDUCCIÓN DE AUGA POTABLE NA RÚA CALVO SOTELO

Tal como como nos fixeron chegar diferentes veciños da rúa Calvo Sotelo de Monforte, nos últimos días sufriron dous cortes de auga polo que estiveron durante varias horas sen o subministro de auga corrente, e todo parece indicar que a causa é o deterioro que presentan as devanditas conducións.

Como ben sabemos, no contrato desta empresa figura o seguinte:

No capítulo Segundo: adecuación y mejora del servicio do contrato no seu artigo 25 di:

ARTIGO 25: Mantenimiento del servicio.

Las obras e instalaciones que reciba el concesionario deben adecuarse en cada momento a las exigencias que implique la correcta prestación y gestión del servicio, corriendo a expensas del concesionario cuantos gastos se deriven de dicha adecuación.

No capítulo Terceiro: Ampliación del servicio, o artigo 26 no seu punto 4 di:

Artículo 26: Mejoras del servicio.

(...)

4.- Las obras de mantenimiento y conservación de conducciones e instalaciones, así como las de renovación y/o sustitución de conducciones e instalaciones deterioradas o averiadas serán de cuenta del concesionario.

Por este motivo, formulamos o seguinte rogo:

1. *Que o Sr. Alcalde se dirixa á empresa concesionaria do servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia, para requirirlle que proceda á renovación das conducións de auga potable da rúa Calvo Sotelo”*

Resposta o Sr. Alcalde que lle trasladará o rogo á empresa Aqualia.

B) PREGUNTA DO GRUPO DAS/OS CONCELLEIRAS/OS NON ADSCRITOS

Nos últimos días puxéronse en contacto con nós varias familias que teñen os seus fillos e fillas estudando no **CEIP A GÁNDARA** para coñecer o futuro do autobús escolar urbano, xa que como ben sabemos, o pasado mes de febreiro o **COLEXIO NOVO** aprobou a xornada única e este servizo do autobús escolar urbano (que non é obrigatorio, e que se leva prestando dende xa hai moitos anos) dá servizo aos dous Colexios Públicos de Educación Primaria.

Ademais cómpre ter en conta que este contrato está en vigor ata aproximadamente mediados de 2020. Dicimos aproximadamente porque á hora de consultalo na páxina web do concello dá constantemente o mesmo erro de información o que nos imposibilita concretar este dato.

Por este motivo, formulamos a seguinte pregunta:

1. Unha vez que a partir do 1 de xaneiro de 2020 ambos colexios pasen a ter horarios diferentes, como se vai xestionar o autobús escolar urbano? Seguirá prestando servizo aos dous centros educativos públicos de primaria?

Resposta o Sr. Alcalde manifestando que descoñecía que non se puidera ver a duración do contrato na páxina, dicindo que hai que correxilo. Contesta que veu a Directora do colexio Novo e un profesor da Gándara preocupados polo novo horario do colexio Novo xa que o colexio da Gándara queda con xornada de mañá e tarde. Tal como se concibe o autobús actual no chega. Manifesta que non se poden comprometer a nada que vaia máis alá do 26 de maio, en todo caso, que a vontade do equipo de goberno é de axudar ás familias que o necesitan , polo tanto habería dous itinerarios un para cada un dos colexios.

C)ROGO DO BNG RELATIVO Ó ARRANXO DA ESTRADA LU-P3202

Exposición de Motivos

A estrada LU-P3202 que une Monforte con Currelos, presenta un estado lamentable, amosando innumerables fochancas e un firme totalmente deteriorado, o que fai que os usuarios da citada vía teñan que sufrir as consecuencias deste deterioro a diario, entre eles os veciños das parroquias de Baamorto, Fiolleda e O Fabeiro, sendo estes os máis afectados xa que é precisamente nestes tramos onde a estrada se atopa en peores condicións.

Solicitudude

Que o Goberno Municipal se dirixa, de xeito urxente, á Deputación de Lugo para solicitar arranxo da estrada anteriormente citada.

Resposta o Sr. Alcalde manifestando que se lle dará traslado do rogo á Deputación de Lugo.

D)ROGO DO BNG RELATIVO AOS DESPERFECTOS PRODUCIDOS POLO ARRANXO DA VIA QUE VAI DENDE A ESTRADA DE LUGO Ó CAMPO DE GOLF

Exposición de Motivos

Vimos de observar que o arranxo que se levou a cabo na vía que une a estrada de Lugo co campo de golf produciu unha serie de desperfectos, os cales afectan á canle de regadío que por alí discorre. Tramos da citada canle quedaron totalmente derruidos. Tamén os accesos a fincas particulares se viron afectados polas obras xa que agora estes presentan uns notables desniveis en relación ó terreo.

Solicitud

Que se proceda ao arranxo dos desperfectos producidos polas obras de acondicionamento da vía que une a Estrada de Lugo co campo de golf.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que foi un dano dun camión da empresa Asfalgal, empresa contratada para realizar as obras, xa había unha pequena rotura da canleta, e coas obras romperon un pouco máis. Xa se deu parte ao seguro polo tanto a empresa é a responsable. En canto á entrada das fincas deberán solicitar a oportuna licenza municipal.

E)ROGO DO BNG RELATIVO AO EMPREGO DO GALEGO POR PARTE DO CONSORCIO DE TURISMO DA RIBEIRA SACRA

Exposición de Motivos

Segundo o artigo 5.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, os poderes públicos de Galicia deberán garantir o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciar o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispor os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. O Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra non está a cumprir con este artigo do Estatuto, posto que na meirande parte dos soportes empregados para a divulgación dos eventos relacionados coa Ribeira Sacra empregan o castelán, entendendo que cando a publicidade vai dirixida a fóra de Galicia esta se realice en castelán, pero non para os casos de dentro de Galicia.

Solicitud

Que o Sr. Alcalde se dirixa ó Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra e lle solicite o emprego do galego nos soportes empregados para a promoción da Ribeira Sacra.

Resposta o Sr. Alcalde manifestando que se lle dará traslado ao Consorcio de Turismo da Ribeira.

F)PREGUNTA DO BNG RELATIVA AO ALUMEADO DO PARQUE DOUTOR LOPEZ SUAREZ

Exposición de Motivos

No pasado Pleno do mes de xuño este grupo presentou un rogo para a reparación do alumeado no parque Doutor López Suárez, ademáis de solicitar a instalación de elementos de xogo inclusivos. A estas demandas contestósenos que se ía realizar unha concesión a unha nova empresa para o mantemento dos parques da cidade.

PREGUNTA

Vaise arranxar o alumado do parque Doutor López Suárez?
Realizouse o contrato coa nova empresa para a xestión dos parques da cidade?

Resposta o Sr. Alcalde manifestando que sí se vai poñer o alumado e hai un proxecto dun técnico de Monforte estase esperando por unha axuda do IDAE. En canto ao contrato xa se asinou coa empresa Jardincelas e que no caso de Dr. Lopez Suarez en breve se procederá a colocar as varandas dos peches e elementos de xogo.

G) PREGUNTA ESPERTA MONFORTE GUIA TURISTICA

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pleno celebrado o pasado día 11 de marzo, vostede, Señor Alcalde, afirmou -concretamente no minuto 00:53:40-, en relación á documentación solicitada por esta formación política, relativa ó expediente da Guía Turística, que, dende as dependencias municipais, xa no-la tiñan remitida faitempo.

Pois ben, hoxe adxunto o comprobante de Correos onde se demostra que eu, Maribel García, estaba no certo e que non tiña dita documentación relativa ao expediente no meu poder. Neste comprobante de aviso de chegada pódese ler claramente como a miña solicitude chegou ó enderezo facilitado, o día 12 de marzo ás 17:31 horas. Con isto esperamos que quede claro que dende EspertaMonforte! estábamos a dicir a verdade cando afirmamos, rotundamente, que non tiñamos a documentación do expediente da Guía Turística en posesión.

Agora, ca documentación toda na miña man, é máis sinxelo entender o motivo polo cal tanto retraso en entregar unha copia dun expediente ; o 6 de abril de 2018, o Técnico Municipal de Cultura, Carlos Rodríguez Fernández, xustifica a realización dunha guía en un plano turístico da cidade, basicamente polo esgotamento das edicións anteriormente por Everest e pala Deputación de Lugo. Con tal afirmación en dito informe queda máis que demostrado que vostede non elaborou a primeira Guía Turística de Monforte.

Seguindo este fío é salientable mencionar que a documentación municipal que se nos entregou non recolle toda a información solicitada. E é que cuestión do asesoramento ou indicacións do equipo de goberno para a elaboración e contido da guía non consta en ningún sitio.

Finalmente, neste informe si consta o prezo da elaboración, deseño e maquetación da publicación por un importe 5.687€ IVE incluído. Vostede, Señor Alcalde, o día da presentación da guía dixo ós medios de comunicación que o custo desta guía fara próximo ós 20.000€ para unha tirada de 10.000 exemplares. Entendemos, por tanto, ca diferenza debe estar xustificada no proceso de impresión das mesmas.

No debate da nosa iniciativa no pleno do 11 de marzo, outros membros da oposición fixeron referencia ó contido ó igual ca nós, votando en falta causas importantes de Monforte como é o caso da Feira Medieval y tamén un capítulo adicado en exclusiva á Ribeira Sacra da cal somos capitalidade. ó remate do pleno, concretamente no minuto 00:56:31, vostede, reconece que falta a Feira Medieval. Falta detectada polo Técnico de Cultura para cando xa tiñan o material no Concello e parece ser que sen tempo para poder corrixir o erro. Vostede mesmo dixo, que en vindeiras publicacións, cando se reedite, se encartarán as páxinas esquecidas.

O martes 19 de marzo, almorzamos cunha nova nos medios de comunicación onde vostede declaraba "foi un pequeno erro que será subsanado nas próximas edicións. O importante é que agora hai unha guía de Monforte"

Con todo isto exposto, non entendemos como primeiramente di que hai 10.000 exemplares impresos. Logo, no pleno do 11 de marzo manifesta a súa intención de engadir a Feira Medieval e posteriores reedicións e finalmente, o martes 19 de marzo saen unhas declaracións súas na Voz de Galicia onde

declara que "dos 10.000 exemplares da primeira tirada quedan por imprimir 4.000 que van a completar a información que falta co engadido de 4 novas páxinas".

**POR TODO ISTO I POLO EXPOSTO
ANTERIORMENTE PREGUNTAMOS**

1.-Cal é motivo polo cal o día 7 de marzo non se me fixo chegar a documentación requirida a través do Servizo da Cidadanía como foi costume ao longo da lexislatura e se me enviou a través de correo certificado?

2.-Cal é o custo de impresión dos 10.000 exemplares?

3.-O custo destes 4.000 exemplares novos está incluído no presuposto inicial ou hai nova partida presupostaria para eles?

4.-Para aclararnos, estamos a falar de dúas tiradas de 6.000 e 4.000 exemplares respectivamente, ou unha de 10.000 e outra de 4.000?"

Resposta o Sr. Alcalde, en relación co primeiro punto que no pleno do día 11 de marzo se dixo que xa se había enviado facía días, cando se fixo o pleno xa había días que se enviou, segundo o informe de Secretaría foi o día 6 de marzo. O Concello remite a documentación a través dos medios legais que contempla o procedemento administrativo. Da lectura a un informe de Secretaría.

O custe non o pode saber porque aínda no veu a factura, anda entorno aos 90 centímos por cada exemplar.

Terceira pregunta, di que nunca dixo que ía haber 6.000 exemplares novos que había 4.000,00 exemplares, que se ían encartar para incluír ó da feira medieval, non hai guías novas.

Na cuarta pregunta, resposta que houbo unha impresión de 10.000 guías e 10.000 dípticos metade en galego e castelán en inglés, cando se agoten haberá unha reedición e se correxirán eses pequenos detalles dos que se faloron.

H)PREGUNTA DO GRUPO ESPERTA MONFORTE SOBRE LINGÜISTA DO CONCELLO

“Exposición de motivos

No pleno do 11 de marzo na nosa iniciativa da guía de Montarte vostede respostou ó portavoz do BNG -quen cuestionaba o texto por non estar en galega normativo-, dicíndolle, no minuto 00:55:04 que "o texto foi revisado por unha persoa do concello que é lingüista. Púxose o texto que el considerou". Posteriormente no minuto 00:59:00 afirma que "o Concello non deseñou nada"

Por outra banda, este Concello está adherido a Rede de Dinamización Lingüística impulsada pala Xunta de Galicia. Dita rede debería de servir para promover o uso correcto do galego nos municipios que forman parte dela. A situación lingüística deste concello da pena. Non se promove debidamente o galego e nalgúns departamentos do Concello, nin sequera se usa. Ademais nos escritos municipais faise un uso escaso del agás por imperativo normativo. Aínda así escríbese mal. Esta administración, si queremos manter a lingua, debería ser un exemplo. Así, nos anuncios de algún actos públicos municipais, aprécianse graves erras de escritura.

EspertaMonforte! sempre estivo a favor de potenciar o uso do galego en todos os ámbitos. Polo tanto, gustaríanos poder contar cunha persoa á cal recorrer en caso de dúbida do uso do galego.

**POR TODO ISTO I POLO EXPOSTO ANTERIORMENTE
PREGUNTAMOS**

- 1- *Contamos no Concello de Monforte cun lingüista?*
- 2- *Si é afirmativo, cal é o seu nome*
- 3- *Si non existe, a persoa que vostede afirma que ten o Concello para estas enmendas, percibe algún tipo de retribución compensatoria por esa labor?*
- 4- *Este Concello solicita ou recibe subvención da rede de dinamización lingüística? En caso afirmativo, en que se emprega?*
- 5- *Cal é o motivo polo cal o asesor lingüístico da corrección dos textos da guía non consta como participe na elaboración da mesma?*

Resposta o Sr. Alcalde que aquí se corrixiu o texto, correxiuse o texto en galego, o correxiu unha persoa do Concello. Unha cousa é deseñar e outra cousa é un texto. En relación co lingüística, hai unha persoa coa categoría de auxiliar administrativo, que ten unha titulación de lingüística que viña colaborando en temas do uso do galego, é o mesmo lingüista que había e fai as mesmas colaboracións que facía antes.

DIROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO POPULAR SOBRE OS CORTES DE AUGA PRODUCIDOS NA RÚA CALVO SOTELO

“O Grupo Municipal do Partido Popular ao amparo do disposto no artigo 97 do Reglamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, EXPON:

O pasado venres 15 de marzo os veciños da rúa Calvo Sotelo permaneceron sen suministro de auga durante mais de 15 horas, dende as 9 da noite do venres ata a primeira hora da tarde do sábado.

O corte no suministro era consecuencia dun reventón na tubería, e os veciños trasladaron as súas queixas porque a reparación da avaría non se acometeu ata o sábado pola mañá.

O lunes anterior, outra rotura sobre as 11 da noite, mantivo sen auga aos veciños ata as 2 da tarde do martes.

As avarías producíronse na rúa Calvo Sotelo, a altura das interseccións coas rúas San Pedro e Zapardiel.

E sabido que o art. 26.4 do prego de condicións sinala entre as abrigas da concesionaria: "Las obras de mantenimiento y conservación de conducciones e instalaciones, así como las de renovación y/o sustitución de conducciones e instalaciones deterioradas o averiadas serán del cuenta del concesionario"

Polo exposto, téndose producido dúas roturas seguidas na mesma rúa na mesma semana, tendo provocado o curte do suministro durante moitas horas para un número importante de usuarios, todo leva a pensar que estamos ante conduccións deterioradas que requiren da súa substitución ou renovación por parte da concesionaria. De conformidade coa abriga que lle impón o prego de condicións, ROGASE AO SR. ALCALDE, que esixa da empresa concesionaria, a renovación e

sustitución -mais aló da mera reparación- das instalacións deterioradas e avariadas da rúa Calvo Sotelo.

Resposta o Sr. Alcalde manifestando que se lle dará traslado a empresa Aqualia do mesmo.

J)ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POULAR SOBRE ACCESIBILIDADE NO CENTRO DO VIÑO

“O Grupo Municipal do Partido Popular ao amparo do disposto no artigo 97 do Reglamento de Organización , Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, EXPON:

Este grupo municipal ten recibido queixas de usuarios do centro do viño que, por desprazarse en cadeiras de rodas eléctricas, non poden acceder ao mesmo si non é coa axuda doutra persona que lles permita superar o pequeno escalón existente na zona de acceso á oficina de turismo. Esta circunstancia impide tamén o seu acceso aos actos que se celebran no local do centro do viño, como aconteceu fai poucos días en que con motivo dun acto, unha persoa nesas circunstancias tivo que esperar na rúa incapaz de acceder ata que outra persoa a axudou para poder entrar.

Son moitas as ocasións nas que este grupo ten solicitado que se adopten medidas para mellorar a accesibilidade da cidade.

Polo exposto, ROGASE AO SR. ALCALDE , que tome as medidas necesarias para garantir a accesibilidade efectiva e real das persoas que se desprazan en cadeira de rodas, contemplando as especiais circunstancias das que o fan en cadeira eléctrica en todos os edificios e instalacións municipais, pormenorizadamente no centro do viño.”

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que se ten contratado con COGAMI un proxecto de accesibilidade, de feito foi a Técnico de Servizos do Concello a visitar todos os edificios municipais. Cando o entreguen o próximo goberno municipal poderá acometer esas melloras en edificios municipais e canto antes se supriman mellor.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo ás vinte horas e cincuenta e cinco minutos do mesmo día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,